



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Segundo Idioma Moderno II: Alemán		Código	662G01048	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Alemán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Martín Cancela, Elena	Correo electrónico	e.mcancela@udc.es		
Profesorado	Martín Cancela, Elena	Correo electrónico	elena.martin@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Esta materia foi deseñada para dotar os futuros graduados duns coñecementos e habilidades medios necesarios para comprender e facerse comprender en situacións habituais da vida cotiá en países de fala alemá, así como para poder desenvolver unha conversación de temas cotiáns e turísticos cunha persoa de fala alemá. Ademais proporcionaráselle ao alumnado uns coñecementos lingüísticos que lle permitan desenvolver as competencias lingüísticas medias (oral e escrita) para que sexan capaces de desenvolver tarefas en empresas do sector turístico con clientes de fala alemá ou outras empresas de países de fala alemá.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Aprender as estruturas básicas da lingua alemá a nivel medio.	A6 A16 A17	B1 B4 B6 B7	C2 C7 C8
Adquirir unhas nocións de grao medio de léxico e estruturas gramaticais propias do sector turístico.	A13 A15 A16	B1 B2 B3 B4 B6 B7	C1 C2 C5 C7
Coñecer os diferentes costumes, culturas e normas de comportamento nos países de fala alemá.	A16 A29	B4 B5 B6 B7	C2 C3 C4 C6 C7
Comprender e producir mensaxes orais e escritas a nivel medio en situacións tanto persoais coma relacionadas co campo do sector turístico con empresas e persoas de fala alemá.	A13 A16 A29	B1 B3 B4 B6 B7	C2 C7

Contidos

Temas	Subtemas
-------	----------



Reservierungsdialoge im Hotel	Vergangeheitsformen: Perfekt und Präteritum.
Briefe	Geschäftsbriefe, Temporaladverbien und Futur I.
Hotel und Umgebungen	"man" und "es", Imperativ, Deklination der Adjektive, N-Deklination.
Die Rechnung, Beschwerde und Zufriedenheit der Gäste	Steigerungsformen Adjektive und Adverbien, Relativpronomen.
Pauschalreise und Reiseangebot	Nebensätze und Konektoren.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba oral	A6 A13 A16 A17 B1 B3 B4 C2 C4 C8	6	15	21
Traballos tutelados	A15 A29 B1 B2 B6 B7 C1 C3 C5 C6	3	34	37
Obradoiro	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3 C4 C6	15	18	33
Sesión maxistral	B1 B4 B5 C5 C6 C7 C8	18	18	36
Proba mixta	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3	2	15	17
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba oral	Nos últimos días do curso terá lugar unha proba oral consistente nunha presentación dun establecemento turístico seguindo as pautas e indicacións explicadas na aula.
Traballos tutelados	O alumnado deberá realizar exercicios de expresión escrita relacionados con cada un dos temas tratados na aula. O número das devanditas redaccións e a súa extensión serán fixados semanalmente polo profesorado.
Obradoiro	Cada un dos temas tratados nas clases maxistras levará asignada unha serie de tarefas e exercicios destinados a consolidar e fixar os coñecementos explicados. As devanditas tarefas poderán ser ben orais ou escritas.
Sesión maxistral	Sesións teóricas e prácticas impartidas polo profesorado sobre os contidos da materia.
Proba mixta	Ao final do curso realizarase unha proba mixta final escrita que constarán de dúas partes diferenciadas: a.- Exercicios de gramática. b.- Expresión escrita + Comprensión lectora

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



<p>Proba oral</p> <p>Traballos tutelados</p>	<p>A atención personalizada dependerá da metodoloxía empregada e das necesidades do alumnado. Realizarase de xeito conxunto na aula e tamén de maneira individual.</p> <p>Previa á proba oral realizarase unha sesión conxunta cos alumnos na que o profesorado responderá e orientará ao alumnado de cara á devandita proba.</p> <p>Así mesmo os traballos tutelados irán acompañados de sesións breves (individuais ou en grupo) nas que se abordarán as problemáticas que vaian xurdindo ao longo do curso.</p> <p>Ao final do curso terá lugar unha última sesión na que se responderán e aclararán todas as dúbidas que aínda puidese haber.</p> <p>Ademais, o alumnado pode, en calquera momento, solicitar unha titoría para tratar calquera dúbida ou dificultade que atope ao longo do curso.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A6 A13 A16 A17 B1 B3 B4 C2 C4 C8	<p>- Realizaranse distintas actividades orais ao longo do curso para avaliar esta competencia, ademais dunha proba oral final pública tipo presentación e/ou entrevista que se realizará na aula nos últimos días do curso.</p> <p>- Para a avaliación da devandita proba e actividades atenderase á corrección gramatical, aspectos fonéticos, estrutura e contido do discurso, así como á comprensión oral do alumnado.</p>	15
Traballos tutelados	A15 A29 B1 B2 B6 B7 C1 C3 C5 C6	<p>- O alumnado deberá entregar un mínimo dun 80% dos traballos obrigatorios, de non ser así a cualificación desta parte será de 0.</p> <p>- Na avaliación atenderase a aspectos gramaticais, contido e estruturas traballados na aula, así como á presentación dos mesmos tanto en forma e data, seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado na aula.</p> <p>- Non se aceptará ningunha entrega fóra de prazo ou que non siga as canles e formato de entrega indicados polo profesorado</p>	15
Obradoiro	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3 C4 C6	- O aproveitamento e participación activa nas aulas será o principal punto a ter en conta na valoración deste apartado. Para iso realizaranse actividades na aula da parte práctica e teórico-práctica (contidos gramaticais, léxico, expresións oral e escrita, comprensión oral e lectora, e interacción oral).	15



Proba mixta	A16 B1 B3 B4 B6 C2 C3	<p>- A proba mixta constará de dúas partes:</p> <p>a.- Exercicios de contido gramatical.</p> <p>b.- Expresión escrita e comprensión lectora.</p> <p>- Será necesario obter unha nota mínima de 4 sobre 10 en cada unha das partes para superar a proba.</p> <p>- En caso de obterse unha nota inferior a 4 nalgunha das partes, a cualificación final da proba non poderá ser superior a 3.5 sobre 10.</p>	55
-------------	--------------------------	--	----

Observacións avaliación



Requisitos para superar a materia en 1ª oportunidade

Realizar a proba oral. De non realizala, o/a alumno/a será cualificado como Non Presentado en acta. Obter unha cualificación de 5 sobre 10 no cómputo global das actividades, cunha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba mixta. De non cumprirse este último requisito, a cualificación final da materia non poderá ser superior ao 4.5 sobre 10. 2ª Oportunidade O alumnado deberá realizar unha proba oral (15%) nunha data acordada co profesorado (no caso de non haberse realizado ou superado en 1ª oportunidade). O 85% da cualificación corresponderase coa cualificación obtida nunha proba escrita que seguirá os mesmos criterios que a de 1ª oportunidade e realizarase nas datas aprobadas e publicadas en Xunta de Facultade en cada curso académico. Convocatoria adiantada A distribución da avaliación será a seguinte: 50% proba mixta, 25% proba oral (a concretar co profesorado) e 25% traballos tutelados (a concretar co profesorado). Cualificación de Non Presentado

Calquera

que sexa a oportunidade e/ou convocatoria, todo/a alumno/a que non se presente á proba oral e/ou mixta será cualificado como Non Presentado.

Alumnado con recoñecemento de dispensa académica

O alumnado

con recoñecemento de dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC (Art. 2.3; 3.b e 4.5)" deberá entregar e realizar as mesmas actividades e probas que o resto do alumnado e na mesma data. Poderase establecer unha data diferente para a proba oral no caso de que estivese debidamente xustificado.

A

percentaxe na avaliación das actividades na aula sumarase á dos Traballos Tutelados, quedando distribuídas as percentaxes do seguinte modo: Proba oral (15%), Traballos Tutelados (30%), Proba Mixta (55%).

Prácticas

ilícitas e fraude académica

Os

traballos ou probas nos que se detecten prácticas ilícitas (uso de tradutores automáticos para a elaboración de traballos tutelados, plaxio, etc.) suporán un 0 na parte avaliable da materia.

Ao/á

alumno/a que incorra en fraude académica aplicaráselle a sanción correspondente recollida no "Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC" (art. 11, apartado 4. b)).

Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" artigo 14.



Fontes de información

Bibliografía básica	- Werner, G (2001). Grammatiktraining Deutsch. Langenscheidt
Bibliografía complementaria	- Al Dreyer, H.; Scmitt, R (2000). Lehr- und Übungsbuch der deutschen Grammatik. Hueber - Borrueco, M (2000). Reisen. Deutsch als Fremdsprache für das Tourismusstudium. Lehr- und Arbeitsbuch. Síntesis - Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana. Idiomas - Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana: Ejercicios. Idiomas - Cohen, U (2000). Zimmer frei. Deutsch im Hotel: Lehr- und Arbeitsbuch. Langenscheidt - Cohen, U (2001). Herzlich Willkommen. Deutsch im Restaurant und Tourismus. Lehr- und Arbeitsbuch. Langenscheidt - Corcoll, B.; Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Gramática. Herder - Corcoll, B.; Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Ejercicios. Herder - Fandrych, C; Tallowitz, U (2008). Klipp und Klar. Gramática práctica del alemán. Klett - Lemcke, C; Rohrmann, L (2006). Grammatik. Intensivtrainer A2. Langenscheidt - Lemcke, C; Rohrmann, L (2006). Grammatik. Intensivtrainer A1. Langenscheidt - Rusch, P; Schmitz, H (2007). Einfach Grammatik. Übungsgrammatik Deutsch A1 bis B1. Langenscheidt - Lübke, S. (2017). Deutsche Grammatik in kleinen Schritten. Lehr- und Übungsbuch A1-A2. Liebaug-Dartmann

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Segundo Idioma Moderno I: Alemán/662G01047

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Segundo Idioma Moderno III: Alemán/662G01049

Observacións

Recomendase ao alumno que planifique o seu traballo ao longo de todo o curso seguindo a materia de forma continuada e realizando as tarefas indicadas en tempo e forma correctas. O esforzo continuo permitiralle levar a materia de forma cómoda, consolidar os novos coñecementos apoiándose nos anteriores e asumir un ritmo de traballo axeitado seguindo as pautas e indicacións do profesor. O estudo individual da materia deberá ir ao mesmo tempo co temario e actividades que se desenvolvan na aula. No caso do idioma alemán, debido á complexidade que supón para alumnos hispanofalantes recoméndase especialmente que se leve unha asimilación e estudo dos conceptos adecuado para evitar as présas e falta de tempo a final de curso. O alumno deberá ser capaz de relacionar os diferentes conceptos que se verán ao longo do curso para poder desenvolver as súas capacidades lingüísticas e comunicativas coa maior eficiencia posible. En todo momento se poñerán a disposición do alumno consellos e pautas de estudo que lle axuden nesta tarefa. Así mesmo recordar a posibilidade de acudir a tutorías personalizadas ao longo do curso para resolver problemas ou dúbidas individuais do alumno.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías